

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 111****TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALUGUER DO CONTADOR DA AUGA****ARTIGO 1º. NATUREZA E OBXECTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de aluguer do contador da auga, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.4 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.**

Está constituído polo aluguer de cada contador de auga instalado.

**ARTIGO 3º. BASE DE GRAVAME.**

Tomarase como base de gravame cada unidade.

**ARTIGO 4º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS**

Polo aluguer de cada contador instalado, propiedade do Concello:

Ó trimestre:

Calibre de ata 20 mm:	2,68 €
Calibre superior:	5,41 €

As tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do IVE.

Todos os abonados que dispoñan de contador propiedade do Concello e que queiran eximirse do pagamento desta taxa, poderán adquirir este en propiedade, tras o pagamento da cantidade de 9,42 €. Nas novas instalacións, o Concello non alugará contadores, xa que estes serán por conta do abonado, sen prexuízo da necesaria inspección dos servizos técnicos municipais.

**DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA**

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 ó 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes do réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria, así como as normas da Ordenanza fiscal xeral.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa<sup>13</sup>.

---

<sup>13</sup> O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 7 de novembro de 2011, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2012 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do 26/12/2011).